

“... en defensa de su Dios y su Patria”.

A milicia ourensá dos Caballeros de Santiago*

JULIO PRADA RODRÍGUEZ

Universidade de Vigo

Nos días inmediatos ó triunfo do Alzamento, creouse en A Coruña unha milicia civil popularmente coñecida como *Caballeros de La Coruña*, que tiña como principal responsable ó tenente coronel da Garda Civil Benito de Haro Lumbreras. Estaba integrada por persoas maduras que xa non se atopaban en condicións de combater nas fronteas de guerra, pero que dalgún xeito querían contribuír á "causa nacional" desempeñando un papel máis activo na retagarda có de simples adheridos. Os seus estatutos non deixaban lugar a dúbidas sobre cal era a súa verdadeira natureza e finalidades: "colaborar co exército na represión e pacificación das zonas da provincia atacadas por elementos subversivos". Dende as filas republicanas se os acusou frecuentemente de dedicarse a provocar situacións de violencia para xustificar as matanzas nos pobos e na cidade herculina¹. Segundo C. Fernández en Pontevedra tamén se constituíu un ha Garda Cívica de carácter paramilitar que tiña a súa sede no cuartel da Garda Civil², proliferando daquela estas milicias por todo o país que, no esencial, respondían todas a idénticos parámetros e tiñan os mesmos obxectivos.

¹Nun documento do Sindicato Nacional do Transporte Marítimo da CNT escrito por "un evadido del campo faccioso" se di textualmente referíndose ós asasinados "(...) que han sido inmolados por la barbarie fascista encuadrada en los falangistas y los caballeros de la Coruña, organización que se dedica a buscar a los ciudadanos y sus familias para saciar sus intentos (sic) criminales y probocar (sic) situaciones de violencia para justificar las matanzas de los pueblos y de la ciudad Herculina" (Arquivo Histórico Nacional -Sección Guerra Civil -AHN-Secc.-G.C.-, PS Bilbao, Carp. 259, exp. 21; subliñado no orixinal).

* Esta investigación forma parte do proxecto *Representación e poder político na Galicia contemporánea* PGIATOOPXI38201 PR)

²O seu primeiro xefe foi o tenente Patiño, pero pronto o comandante Velarde nomeou como tal ó deputado de Renovación Española (RE) Víctor Lis (FERNANDEZ, C., *El Alzamiento de 1936 en Galicia*. Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1983, p. 258).

A imitación dos primeiros e con parecidos cometidos creáronse en Ourense os denominados *Caballeros de Santiago*³, A idea xurdiu a principios do mes de agosto do director do Banco Pastor na cidade das Burgas, Fabriciano Iglesias, e dun empregado de oficinas militares chamado Fabio Estévez, que expuxeron ó gobernador militar o seu proxecto conseguindo a súa inmediata aprobación⁴. O militar designado para dar forma á iniciativa foi o comandante de Infantería Antonio Casar Olavarieta, quen se atopaba na capital ourensá en situación de dispoñible forzoso dende o día 2 de xuño, presidindo xa a primeira xuntanza celebrada a tal efecto. Nesta toma de contacto inicial se deixou claro que se trataba de encadrar a todos os que sen estar en condicións de ingresar no Exército nin nas milicias de primeira liña pola súa idade ou condicións físicas, e sendo persoas de probados antecedentes desexasen *axudar en los servicios de seguridad y vigilancia dentro de la capital a las fuerzas que actualmente cubren aquellos con todo su entusiasmo y abnegación*⁵.

En realidade o seu nacemento debe ser interpretado como un ha res posta de urxencia unha vez que, fracasado o golpe e eliminados os principais focos de resistencia na provincia, era perentorio incorporar soldados para a fronte, facilitando así o traslado dos milicianos máis novos que se inscribieran nas milicias para permanecer na retagarda e eludir o combate en campo aberto⁶. Este feito, unido á obrigación de manter un elevado continxente policial que garantise o sometemento da poboación, favorecía a incorporación de civís ás tarefas de vixilancia e control da orde, mesmo cando se trataba de operacións de certa envergadura durante as que aparecían reforzando ós efectivos das forzas de seguridade. Como exemplo das súas numerosas intervencións podemos lembrar o servizo practicado na noite do 3 ó 4 de abril de 1937 na rúa da Liberdade cando un continxente de sete gardas civís e oito *caballeros* ó mando do cabo da Garda Civil Carlos González Cartón practicaron numerosos rexistros en varias

³ No interior do carné que se lles entregaba ós *Caballeros de Santiago* ourensáns figuraban entre as abrigas dos milicianos as seguintes.

1.º Defender el orden público, ejerciendo funciones de la Policía en todo momento.

2.º a) Auxiliar a la fuerza pública cuando ésta lo necesite, como también para ser defendido por ésta cuando sea necesario.

b) Sustituirla en todos los servicios que ésta tenga que prestar cuando lo ordene el Mando, siempre dentro de la población.

3.º Si por cualquier circunstancia el Mando lo creyese necesario, estas Milicias se desplazarán a donde se le ordene en defensa de su Dios y de su Patria.

4.º Será obligatorio usar en todo momento la insignia de este Cuerpo, llevándola siempre en sitio visible, pues con esto se consigue siempre no sólo el mútuo (sic) auxilio, sino también el que dicha insignia haga recordar a su poseedor su compromiso ineludible de ser un ciudadano honorable y disciplinado.

⁴ Unha sucinta referencia á organización dos *Caballeros* non exenta dalgunhas das imprecisións que caracterizan ó autor pode atoparse en SILVA FERREIRO, M., *Galicia y el Movimiento Nacional. Páginas Históricas*. Santiago, Imprenta y Enc. del Seminario Conciliar, 1938, p. 447.

⁵ La Región, 8-VIII-1936, p. 3.

⁶ Así se reconece implicitamente nun artigo do daquela recentemente nomeado Inspector de Requetés para a provincia de Ourense B. Pérez de Cabó publicado en La Región, 18-VIII-1936, p. 2. Este curioso personaxe xa aludira nun artigo anterior, non exento de ironía, ó desexo dalgúns milicianos de combater nalgunha fronte que non podían satisfacer "por pesar sobre ellos el molesto deber de las atenciones oficinescas o de vigilancia de la ciudad y de los pueblos", citando ós centenaes de cidadáns de máis de trinta e cinco anos dispostos a substituílos nestes mesteres (La Región, 7-VIII-1936).

casas nun despregue de medios desproporcionado. Como resultado dos mesmos se descubriron no número 31 a varios agochados, entre os que estaba o dirixente da Sociedade de Oficios Varios de Ousende (Paderne de Allariz) José González Tesouro, 'Machadiña', posteriormente condenado a morte. Na operación resultaron catro detidos e dous mortos despois dunha persecución polos tellados de varias casas entre a conseguinte alarma da veciñanza⁷.

Agora ben, o nacemento dos *Caballeros*, como acontece coas restantes milicias, non pode explicarse atendendo unicamente a estes factores de carácter inmediato. Son, tamén, expresión dunha determinada concepción do Estado e da política na que a uniformización do corpo social se impón sobre a idea liberal do individuo como ser libre e autodeterminado. Nun contexto no que a mobilización a prol do bando sublevado era unha necesidade ineludible para atender as necesidades bélicas e posibilitar a institucionalización do réxime, é preciso apostar por experiencias de carácter integrador nas que as masas participen a través de estruturas organizativas disciplinadas que faciliten o seu control. A favorable resposta que a sublevación tivo nun segmento importante da sociedade ourensá tiña que ser canalizado para provocar un efecto aluvión sobre outros sectores da poboación máis reticentes a comprometerse activamente. Os que se movían nos confusos lindeiros da indiferencia sentíanse impelidos, pola suxestión que sobre as súas consciencias exercía a multitudemasa, a participar neste ensaio de encadrar baixo unha mesma bandeira a todos os que se identificaban cos postulados da nova *cruzada*:

“Aquelos foi un voráxine, unha cousa desmedida. Alí estaba medio Ourense para facerse Caballero de Santiago. Unha cousa nunca vista. Os había que non podían levantar un fusil, pero todos se vían arrastrados por un entusiasmo fora de toda lóxica. Se pensaba que a guerra era cousa de días e todos querían contribuír dun xeito ou outro, incluso os que sempre estiveran afastados da política deixaban atrás calquera dúbida e entraban naquela tolemia”⁸.

O entusiasmo despertado pola iniciativa foi certamente indescribible. A afiliación principiou na tarde do día sete de agosto de xeito paralelo á organización dunha mínima infraestrutura equipacional para a que se utilizou parte do mobiliario *“usufructuado a las entidades políticas del fenecido Frente Popular”⁹*. Só seis días despois se publicaban os nomes da primeira compañía do futuro batallón e se anunciaba a formación doutras dúas entre os días 14 e 15 de agosto. Se pretendía organizar na capital un total de oito compañías ás que habería que sumar as que se formasen en cada unhas das restantes dez cabezas de par-

⁷ Archivo General Militar de Ourense (AGMO), causa 485/1937, fols. 3 e ss.


⁸ Testemuño de J.F.O.V., veciño de Ourense, recollido en febreiro de 1999.

⁹ Arquivo da antiga Comisaría de Investigación e Vixilancia de Ourense -ACO-, expediente 102.693 correspondente ó *Partido Agrario Español*; resposta do responsable accidental dos *Caballeros* ó xuíz de 1ª instancia e instrucción de Ourense.

tido, aínda que pronto as solicitudes acabarían superando a teórica dispoñibilidade de prazas, pois xa no mes de febreiro de 1937 se chegara ós 800 inscritos só na capital. A idade teórica fixada para inscribirse nos *Caballeros* estaba comprendida entre os trinta e os sesenta anos e a sede da bandeira de alistamento fixouse no nº 58 da rúa do Progreso.

A súa organización era tipicamente militar, funcionando a base de escuadras, pelotóns, seccións e compañías segundo pode verse no organigrama adxunto, que recolle a estrutura das dúas primeiras compañías. As unidades máis grandes -compañías, seccións e pelotóns- estaban, agás en casos moi contados, dirixidas por militares retirados, pero ó mando das escuadras atopamos frecuentemente a milicianos ós que se lles confería o rango de cabos. Os seus membros recibían instrución teórica en forma de conferencias impartidas

a partires das 19,30 horas no paraninfo do Instituto polo propio Casar Olavarrieta, disertacións que versaban sobre os máis variados aspectos da guerra, organización das tropas, armamento, etc. A rudimentaria instrución práctica se realizaba nuns terreos ás aforas da vila e tiña como misión preparar ós maduros milicianos para o correcto desenvolvemento dos seus cometidos, consistindo esencialmente na realización de exercicios de tiro, instrución táctica e teoría militar.



Ademais, e isto resulta esencial, os seus integrantes estaban sometidos á disciplina do Código Militar durante os actos de servizo, e como tal tiñan a consideración de forza armada unha vez que o decreto de 20 de decembro de 1936 ordenou a militarización de todas milicias. Isto significaba que calquer acto de resistencia ou agresión contra eles daba lugar á inmediata incoación dun sumario suxeito ás regras inspiradoras do procedemento militar. Naturalmente estaban facultados para proceder á inmediata detención de calquera persoa sospeitosa, fose ou non sorprendida no intre da comisión dun presunto delicto ou falta, ou cando, simplemente, se atopaba nunha das circunstancias que a lexislación vixente consideraba como susceptibles de corrección gubernativa¹⁰.

A finais de agosto se ultiman os derradeiros pasos para a súa definitiva configuración: o día 26 Casar viaxou á cidade herculina a entrevistarse con de Haro, daquela Inspector das Milicias Galegas e xefe dos seus homónimos de A Coruña. Na entrevista se trataron cuestións relativas ó uniforme que empregarían as milicias, decidindo adoptar para os ourensáns a cruz de Santiago vermella no peito como símbolo identificativo¹¹. Logo de recibir a formación práctica e teórica aludida durante aproximadamente medio mes, o día 31 de agosto tivo lugar o primeiro sinalamento oficial de servizo de garda para as diferentes escuadras implicadas. En adiante terían ó seu cargo cuestións como servizos de vixilancia nocturna, custodia de edificios oficiais, escolta e protección de persoeiros e convois, patrulla de estradas, asistencia a misas de campaña, desfiles oficiais e demais actos de propaganda, recepción, despacho, condución e entrega de paquetes, encargos e correspondencia para os ourensáns nas fronteas bélicas, etc. En condicións normais cada día operaban a un tempo catro escuadras -practicamente sempre cos números correlativos-, mandadas por un cabo, e compostas por seis *caballeros*. Ese mesmo día a 3ª Compañía, recentemente organizada, asistía por primeira vez ás conferencias de Casar e só un día máis tarde a prensa publicaba un anuncio para que ós seus integrantes se presentasen no xardín do Posío para recibir instrucións relacionadas cos exercicios de carácter práctico¹². O día 3 de setembro os *Caballeros de Santiago* pasaban a depender do xefe provincial de Falanxe T Fernández Rogina unha vez que, en teoría, todas as milicias quedaban encadradas nesta organización por máis que mantivesen a súa independencia orgánica aínda outros dez meses. O que fora o seu comandante, saía ó día seguinte como voluntario á fronte da que non tardará en regresar, facéndose cargo da xefatura accidental do batallón o capitán Isidoro López Vázquez.

A creación desta milicia constituíu un indubidable acerto dende a óptica dos sublevados, non só polo seu valor militar -practica mente nulo-, policial -moi

¹⁰ Por exemplo, o 25 de febreiro de 1937 os *caballeros* José Ramón González Deiró e Argimiro Álvarez Fernández deteñen a A.R. de la C. cando se atopaba exercendo a mendicidade en Cabeza de Vaca, sendo inmediatamente presentado na Comisaría de Investigación e Vixilancia (ACO, Expediente 101.169).

¹¹ *La Región*, 19 e 28-VIII-1936, p. 1 e 3, respectivamente.

¹² *La Región*, 30-VIII-1936, p. 4 e 1-IX-36, p. 2. O 2 de setembro dábase a coñecer o nome dos integrantes da 3ª Compañía, como a precedente formada por doce escuadras. O seu principal responsable era o capitán José Parada Carballo mentres que as súas seccións primeira e segunda estaban, respectivamente, ó cargo do tenente da Garda Civil retirado Delfín Seijo Salgado e do suboficial Virgilio Fernández González (*La Región*, 2-IX.1936, p. 2).

importante como factor de disuasión- e de control -integración e vixilancia do corpo social- senón polo seu efecto propagandístico. O elevado número de persoas que conseguiu atraer facía que cada acto no que interviñan os *Caballeros* se convertese nun acontecemento social que, convenientemente amplificado polos servicios de prensa e propaganda, chegaba a cada currunchos da capital ourensá e das aldeas nas que funcionaban grupos organizados numerosos. Velá o que representou o acto de entrega da Bandeira ó Batallón celebrado na Alameda o 12 de outubro, no que estiveron presentes, ademais de todas as autoridades de rigor, efectivos das restantes milicias e forzas de seguridade. O estandarte foi un agasallo dos socios do selecto *Club* ourensán que "por razones de sus cargos, de su edad o salud" non pertencían á organización, e foi entregada despois do protocolario discurso do seu presidente, Diéguez Amoeiro, pola súa madriña, a dona do comandante Casar, Elena Fernández Rego¹³. Cada misa de campaña organizada por toda a xeografía provincial se transformaba nun acto de afirmación do réxime no que as milicias, coa súa ostentación de todo tipo de símbolos visuais, a súa marcada ritualidade e o impacto psicolóxico dos seus desfiles, xogaban un papel esencial. A exhibición de todo este aparato posibilitaba a creación dunha atmosfera de exaltación mística na que os participantes se sentían psicolóxicamente impelidos a unha comunión transcendental, a unha adhesión case hinóptica que atopaba na "empresa de salvación nacional" protagonizada polo Exército -do que eles, en certa medida, se sentían parte- a súa mellor expresión:

"Estaba en su período álgido el Movimiento Nacional. La España auténtica y tradicional se había levantado en armas contra la Antiespaña adueñada del poder. Los buenos españoles se agrupan alrededor de la figura de Franco, condensados en dos ideologías paralelas, que alcanzan su máxima simbolización en la camisa azul y en la boina roja. Se celebran misas de Campaña, desfilan correctamente organizaciones infantiles presididas por sus profesores, forman todos los hombres del pueblo capaces de empuñar las armas, y todo el pueblo vibra de entusiasmo y de ardor bélico por la causa Nacional (...). El día de autos se celebra una fiesta religiosa en Sobrado (...) a la que han sido invitados los caballeros de Santiago de Orense y otras organizaciones, La muchedumbre, arrebatada en su patriotismo, contesta con igual entusiasmo a los gritos de ¡Arriba España! y ¡Viva España!"¹⁴.

¹³ Facendo un paralelismo coa orde fundada polo coengo Pedro Fernández coa misión de protexer ós peregrinos de camiño á cidade do Apóstolo, lle atribuíu a misión de defender "(...) a los que con fin santo lleguen a este pueblo a postrarse de hinojos ante la imagen de nuestro Santísimo Cristo y luchará, si es preciso, con los infieles y traidores que no son fieles ni leales, aquéllos que han pretendido esclavizar a nuestra España; esas hordas marxistas que al servicio de Rusia han robado, han saqueado y han destrozado en su furor vandálico nuestros mejores monumentos, nuestras joyas y todas nuestras riquezas" (*La Región*, 14-X-1936, p. 3).

¹⁴ Descrición do ambiente que rodeaba a un destes actos de afirmación nos que participaban os *Caballeros de Santiago* que culminou nun enfrontamento entre milicianos e antigos esquerdistas no que resultou morto un destes últimos (AGMO, causa 1.401/1936, fol. 210).

Ademais, é moi posible que a distribución dos efectivos nas diferentes escuadras se convertise nun mecanismo máis de control sobre os seus integrantes. Resulta imposible determinar se esta foi unha práctica xeneralizada e sistemática ou só ocasional, se formaba parte dunha estratexia perfectamente meditada ou respondía só a supostos excepcionais de carácter individual. O que non ofrece dúbidas é o feito de que certos responsables de sección e de pelotón empregaron a cabos e a milicianos da súa confianza para vixiar a conducta dos *caballeros* sospeitosos dun pasado "pouco edificante" que formaban parte da súa escuadra. Estas observacións, transmitidas de xeito verbal ós oficiais responsables do servizo, eran utilizadas por estes para elaborar informes de conducta que ían a parar a diversas instancias encargadas de fiscalizar a conducta pública e privada do cidadán en cuestión:

*"En su escrito del próximo pasado día 9, el oficial-inspector de las milicias de segunda línea Caballeros de Santiago me dice lo siguiente: 'Encargado (sic) por este oficial-inspector la atenta vigilancia de la conducta observada por el miliciano de segunda línea (sic) D. F.M.G., resulta que se muestra en sus manifestaciones entusiasta partidario del G.M.N., aplaudiendo las victorias del invicto Ejército español. Cumple con puntualidad el servicio a su cargo y nada hay en su conducta pública o privada que desmerezca el buen concepto en que lo tienen sus jefes. Pertenecía como simple socio al Partido de Azaña del que se apartó después de las pasadas elecciones. Se le considera de orden y afecto al actual Movimiento, para el que ha contribuido generosamente en todas las suscripciones (sic) abiertas (...)' Lo que tengo a bien trasladar a S.E. para los efectos oportunos "*¹⁵*.*

O destino final destes informes era moi variado. Posiblemente a súa maioría tivesen un carácter esencialmente interno, é dicir, estivesen destinados unicamente a garantir que no Batallón de *Caballeros de Santiago* figurasen só elementos de probada fidelidade ó réxime. Así, no caso anterior, non nos consta que contra a persoa informada se incoase causa algunha, figurase entre o catálogo dos presos gubernativos ou tivese ou solicitase emprego oficial algún, razóns que xustificarian a elaboración dun documento como o citado. Noutros casos, sen embargo, o resultado destes informes, ademais de determinar unha sanción de carácter interno, acababan por producir efectos sobre os procedementos abertos pola xurisdicción militar. Vexamos o seguinte exemplo:

"Según me informa el oficial al mando D. O.C.S., de los informes transmitidos por el cabo responsable, resulta que el caballero D. D.F.F. vecino del barrio de La Rabaza, es público y notorio que per-

¹⁵ Informe de conducta remitido ó Comisario de Investigación e Vixilancia polo Inspector-xefe do mesmo carpo o13-I-1937 (ACO, expediente s/nº).

t
e
n
e
c
i
ó

teneció al Partido Socialista y que con sus hermanos era el principal agitador de las mansas obreras, haciendo entusiasta propaganda del Frente Popular entre sus convecinos. En sus manifestaciones sobre la marcha del actual Movimiento observa una gran reserva, apartándose (sic) de las conversaciones en que se tratan cuestiones relacionadas con la marcha de la guerra, razón por la cual le parece sospechosa su actitud y sus intenciones hacia el G.M.N. En la presentación del servcio no se muestra reticente, sus compañeros creen observar falta de entusiasmo inherente a los miembros de esta sagrada milicia que tiene por enseña la Cruz del glorioso Santiago. De rumor público se dice que cuando regresó del frente se hizo Caballero para eludir la acción de la justicia, razón por la cual no se le considera afecto”¹⁶.

a
l

Neste suposto, como no caso anterior, a orixe do informe parece estar neste proceso de depuración interna ó que logo nos referiremos con meirande profundidade. Avala esta interpretación o feito de que, a traveso das fontes militares, sabemos que o miliciano en cuestión foi expulsado da organización o día 24 de febreiro dese mesmo ano, só once días despois da data de emisión do repetido informe. Tres semanas máis tarde era detido e inculpado nunha causa incoada pola xurisdicción castrense durante a que saíron a relucir os seus antecedentes, incluída a súa expulsión das milicias de segunda liña, o que ven a confirmar a estreita relación e a fluída comunicación existente entre as diferentes instancias represivas¹⁷.


Pero, ¿quen eran realmente os *Caballeros de Santiago*? Un achegamento á súa estrutura socioprofesional e á súa procedencia xeográfica pode proporcionarnos algunhas claves que nos axuden a profundar nesta dirección. Empregamos como fontes os listados de milicianos e os informes de conducta atopados no arquivo da antiga Comisaría de Investigación e Vixilancia -ós que nos referiremos en profundidade máis adiante-, os que aparecen nas diferentes causas incoadas pola xurisdicción de guerra -neste caso a maioría se refiren a detencións ou servicios practicados por estas forzas- e, finalmente, os listados que aparecen no xornal *La Región* que deu conta detallada do seu proceso organizativo así como dos servicios de garda que diariamente debían prestar os *caballeros*. Do cruce destas fontes nos atopamos con 1.204 milicianos e aspirantes radicados no concello de Ourense dos que coñecemos en todos os casos o nome e os apelidos e a data de solicitude de ingreso ou de informe de conducta, pero os datos referidos á profesión, a idade, ó estado civil e ó domicilio aparecen en porcentaxes moi variables. Para corrixir, na medida do posible, esta disfunción os cruzamos cos datos do censo electoral de 1934 -traballo ímprobo si se ten en conta que o concello ourensán estaba dividido en 23 seccións e que os listados se atopaban ordenados alfabeticamente por seccións e

¹⁶ Informe remitido polo axente de Vixilancia J.R. con data do 13-I-1937 (ACO, expediente s/nº).


¹⁷ Vid. AGMO, causa 239/1937.

non en conxunto- realizando as necesarias correccións para emendar a diferenza temporal. Como resultado puidemos coñecer a profesión de 642 *caballeros* (53,32%), a idade de 864 (71,76%) e o domicilio de 1.018 (84,55%), o que nos permite obter resultados bastante aproximados.

A estrutura por idades demostra que as esixencias de ter cumpridos os trinta anos para poder ingresar no batallón foron teóricas xa que documentamos un total de 26 rexistros (3,01%) nos que a idade do miliciano era inferior a esta cifra. Nalgúns destes casos se trata de xoves que foron declarados exentos do servizo militar por algunha deficiencia física que, non obstante, foron admitidos como milicianos de segunda liña sen ningún problema. O grupo máis numeroso é o de 31 a 35 anos (232 casos e 26,85% do total coñecido), seguido do de 36 a 40 anos (209 casos e 24,19%), que no seu conxunto abranguen máis da metade do total. Lles segue o grupo dos de 41 a 45 anos (177 casos e 20,49% do total), para caer significativamente a partir dos corenta e seis anos. Pola cima da pirámide de idades rexistramos oito casos (0,93%) que superaban a barreira teórica dos sesenta anos establecida como límite máximo para formar parte desta milicia.



A extracción profesional reflicte con claridade o carácter marcadamente urbano da milicia dos *Caballeros de Santiago*. Só o 14,80% do total son labradores, xornaleiros ou braceiros, e mesmo esta cifra debera ser corrixida á baixa tendo en conta que incluímos neste grupo a todos os que declaran ser xornaleiros e non só ós que nos consta que traballaban no agro, polo que é posible que unha parte deles o fixesen a xornal na construción ou noutras profesións non agrícolas. Precisamente os traballos relacionados coa industria e a construción (albaneis, mozos,



canteiros, obreiros e capataces) aportan en conxunto un 4,83%, cifra tamén moi reducida mesmo para unha cidade das características do Ourense da segunda metade dos anos trinta. Consideradas no seu conxunto as profesións urbanas relacionadas coa prestación de servizos e a alimentación (pintores, carpinteiros, electricistas, mecánicos, ferreiros e similares; reloxeiros; xastres e zapateiros; choferes, barbeiros, camareiros, panadeiros, taberneiros e similares) representan o 22,74% (146 rexistros), mentres que as máis directamente relacionadas co comercio (dependentes e empregados cun 12,15% e comisionistas, vi axantes, representantes e axentes comerciais cun 3,43%) se elevan a 100 casos (15,58%). A elite local formada por comerciantes, industriais, almacenistas, propietarios e contratistas son, con 122 casos (19%), o segundo grupo máis numeroso, cifra moi elevada se temos en conta a participación dos mesmos na estrutura ocupacional do conxunto da poboación ourensá. As profesións liberais, os tipógrafos e os enxeñeiros se sitúan no 6,23% (40 rexistros), mentres que os empregados públicos e funcionarios - agás os mestres, profesores e catedráticos que representan o 1,87% do total coñecido- se elevan ó 9,19%. Estudantes, militares e membros das forzas de seguridade e o grupo de "outros" aportan cantidades moi inferiores.

Xa que lago resulta evidente o peso dos sectores urbanos na composición dos *Caballeros de Santiago*, e dentro destes daqueles máis representativos das denominadas "xentes de orde": a elite local e aqueles individuos que por razóns laborais dependen destes. Tamén cómpre chamar a atención sobre a importancia do conxunto do sector público -tendo en conta a súa reducida participación no global da estrutura ocupacional-, o que, en parte, está relacionado coa necesidade de acreditar unha conducta sen tacha que lles permita manter o posto diante das depuracións practicadas polos sublevados ou, cando se trata de funcionarios de nova incorporación, co desexo de amasar o seu agradecemento co réxime contribuindo á conservación da orde.

Esta interpretación se ve confirmada cando descendemos á análise da procedencia domiciliar dos seus integrantes. A partir do plano urbano do concello de Ourense realizamos unha división en oito zonas ben diferenciadas. Na primeira, que se corresponde co que na actualidade é o centro histórico da cidade, se concentran o 41,06% dos *Caballeros*, cifra que se corresponde tanto coa meirande concentración demográfica como coas características socioprofesionais antes analizadas. O primeiro ensanche, daquela en pleno proceso de crecemento pero cunha superficie edificada aínda reducida e onde se concentra unha parte significativa do comercio local, da cabida ó 28,68% dos milicianos. A partir deste núcleo o número de inscritos se reduce significativamente a medida que nos separamos do núcleo anterior: a zona III, de onde procede o 6,97% destes, abarca un arco de círculo limitado ó este pola vía férrea (actual barriada de San Francisco) ó sur polo Posío e os primeiros tramos da estrada de Celanova e ó oeste por Ponte Pelamios). Cifras moi semellantes á anterior se rexistran nas zonas IV (abarca os arrabaldes situados máis ó sur do concello en dirección ó veciño de San Cibrao das Viñas, onde as actividades agrícolas son

absolutamente dominantes) e V (situada ó noroeste da cidade, abarcando o popular barrio do Couto, Vista Fermosa, o Campo dos Remedios e a zona do Seminario). A zona VI (Portovello, As Lagoas, Loña, Rabaza, Tras Hospital e Cruz Alta) colle unha franxa onde se localiza unha parte moi significativa do proletariado ourensán, particularmente obreiros da construción, que segue a cultivar as súas parcelas buscando completar os seus ingresos co traballo a xornal nas obras que se realizan na capital. Representa unha zona intermedia dentro deste grupo, xa que dela proceden o 5,30% dos *Caballeros*. Por último, as zonas VII (núcleos situados máis ó oeste da capital, próximos xa ó veciño concello de Barbadás) e VIII (barrios localizados ó este da vía férrea) non chegan ó 3% dos inscritos.

Outro dos aspectos máis significativos relacionados con estes milicianos de segunda liña é o relativo á procedencia ideolóxica dos seus membros, ás causas que motivaban a afiliación e ós filtros aplicados polos responsables da organización no proceso de selección dos mesmos. Para analizar esta problemática empregamos como fonte principal unha serie de informes de conducta exactamente mil dezaioito- remitidos pola Comisaría de Investigación e Vixilancia de

Estructura socioprofesional e procedencia dos <i>Caballeros</i> de Santiago					
Rexistros totais	Nº		Profesión	Nº	% conoc.
	1204		Labradores, xornaleiros e braceiros	95	14,80%
Descoñecidos	Nº	Total	Albaneis	8	1,25%
Profesións	562	46,68%	Canteiros	14	2,18%
Idades	340	28,24%	Obreiros e mozos	8	1,25%
Zonificación urbana	186	15,45%	Capataces	1	0,16%
Idades	Nº	% conoc.	Pintores, carpinteiros, electricistas, mecánicos, ferreiros e sim.	56	8,72%
18 a 25	1	0,12%	Reloxeiros	3	0,47%
26 a 30	65	7,52%	Xastres e zapateiros	25	3,89%
31 a 35	232	26,85%	Choferes, barbeiros, camareiros, panadeiros, taberneiros e sim.	62	9,66%
36 a 40	209	24,19%	Dependentes e empregados	78	12,15%
41 a 45	177	20,49%	Comerciantes	67	10,44%
46 a 50	119	13,77%	Industrias, almacenistas e propietarios	53	8,26%
51 a 55	32	3,70%	Contratistas	2	0,31%
+ de 55	29	3,36%	Comisionistas, viaxantes, represent. e axent. ciais. e de seguros	22	3,43%
Zonificación urbana	Nº	% conoc.	Profesións relacionadas co Dereito	12	1,87%
Zona (I)	418	41,06%	Profesións relacionadas coa Medicina	16	2,49%
Zona (II)	292	28,68%	Enxeñeiros	3	0,47%
Zona (III)	71	6,97%	Tipógrafos	9	1,40%
Zona (IV)	69	6,78%	Estudantes	7	1,09%
Zona (V)	64	6,29%	Mestres, profesores e catedráticos	12	1,87%
Zona (VI)	54	5,30%	Empregados públicos e funcionarios	59	9,19%
Zona (VII)	29	2,85%	Militares e membros das forzas de Seguridade	8	1,25%
Zona (VIII)	21	2,06%	Outros	22	3,43%

Fonte: Elaboración propia a partires de ACO, AGMO e La Región.

Ourense á comandancia do Batallón e ó Goberno civil, dos que podemos extraer unha serie de interesantes conclusións en relación ós aspectos antes apuntados.

En primeiro termo cómpre referirse brevemente á problemática metodolóxica que plantexa este tipo de fonte. Trátase, como queda dito, de informes de conducta elaborados pola Comisaría de Ourense e, xa que logo, referidos só a

veciños deste concello, únicos dos que se tiña información nas dependencias policiais, correspondendo á Garda Civil a elaboración dos relativos a residentes nos restantes concellos da provincia. Os informes conteñen información de aspectos moi variados que cobren dende a actuación política e social (pertenza a partidos políticos e organizacións sindicais, participación en manifestacións, asistencia a mitins, conducta relixiosa...) á vida económica, familiar e privada (actividade profesional, estado civil, relacións coa súa dona e os fillos, comportamento público, lugares de ocio...) dos interesados¹⁸. Naturalmente os informes son de moi desigual extensión: a maioría se despachan de xeito xenérico en dúas liñas -particularmente os relativos ás "persoas de orde"-, pero os hai que ocupan unha cuartilla por persoa no caso de elementos significados polo seu compromiso republicano ou obreiro.

Sen dúbida o aspecto máis problemático desta fonte é o da súa fiabilidade para deducir a filiación política dos informados, tendo en conta amais ca acusada tendencia das diversas instancias represivas do réxime a identificar a todos os colectivos integrantes da Fronte Popular co marxismo e mesmo co comunismo. A este respecto cómpre ter en conta o proceso seguido para elaborar estes informes: a instancia solicitante remitía un listado cos suxeitos dos que se demandaba información; esas listas -das que, puidemos acceder amais das tres cuartas partes das enviadas- adoitaban seren utilizadas polos funcionarios para anotar o número de expediente que figuraba no ficheiro alfabético -ou, para ser máis exactos, fonético-, que era o que permitía atopar a información da que se dispuña na Comisaría do individuo en cuestión. De seguido se contrastaba o nome co listado de afiliados das diferentes organizacións integrantes da Fronte Popular tomando como base o libro daquela custodiado nas súas dependencias, filiación que algúns funcionarios anotaban directamente sobre o listado e que lago se trasladaba ó informe. Isto significa que, cando consta especificamente, a filiación política resulta máis fiable ca remitida, por exemplo, polos postas da Garda Civil, que non sempre tiñan acceso a estes rexistros polo que adoitan ser moito máis xenéricos neste punto.


O número de informes conservados supera os mil dezaioito que figuran no nasa estudio toda vez que algúns foron solicitados e remitidos en máis dunha

¹⁸ O gobernador civil, Manuel Quiroga, ordenaba ó comisario-xefe que debían contar "los antecedentes religiosos, morales y políticos (...), debiendo alcanzar dicho informe a la vida privada, comercio, tráfico o industria a que se dedican, concepto público que merecen y si pertenecen o han pertenecido a alguna secta masónica o desempeñaron cargos políticos o sociales del llamado frente popular, ya de carácter permanente, ya transitorio o accidental, como candidatos, apoderados, interventores o propagandistas activos en las elecciones últimas". Remataba recomendando que "En la investigación para admitir (sic) tal informe procurará guardar la más abso. luta reserva, con el objeto de que ni los interesados ni otras personas puedan conocer el fin de aquella" (ACO, Expediente 102.784). As filtracións, sen embargo, debían ser bastante frecuentes e así a partires de 1938 é frecuente que sexan os propios mandos do Tercio de segunda liña os que se personen na Comisaría portando un oficio dos seus superiores para encargarse directamente da investigación, o que provocaría non poucos enfrontamentos entre ambas instancias (*ibidem*).

ocasión, sendo nestes casos idéntico o texto de ambos os dous. Neste suposto optamos por eliminar da nosa base de datos o informe máis tardío, figurando só a data do primeiro para evitar duplicidades que aquí carecen doutro significado que non sexa o do extravío ou a necesidade de confirmación do mesmo. Por último, salientar que o número de solicitudes de informes non coincide exactamente co número de solicitudes de inscrición, sendo inferior en algo menos dun cento os primeiros. Isto se explica porque non se pedía información dos militares ó cargo das diferentes unidades, senón que esta constaba directamente nos expedientes custodiados no Goberno militar e tampouco se facía no caso de persoas de notoria militancia no bando das dereitas.

No gráfico anexo, que resume os datos do cadro que aparece ó final do traballo, podemos ver o ritmo de solicitude e remisión de informes entre setembro de 1936 e febreiro de 1938, destacando en primeiro lugar o escaso número dos que se confesa non ter informes: só sete en dezaioito meses e sobre un total de máis de mil informes.

Moito máis interesante resulta a constatación de algo que era facilmente imaxinable en función da rapidez coa que foron organizadas as tres primeiras compañías de *Caballeros*: a primacía dos aspectos propagandísticos e da necesidade de salvagarda da orde fronte ó filtrado ideolóxico e á depuración social e política dos seus membros. De feito a iniciativa de realizar unha investigación sobre os *navas* solicitantes foi unha consecuencia das instrucións recibidas



dende o alto mando da VIII División na segunda quincena do mes de setembro polo temor á infiltración de elementos de lealdade non probada ó novo réxime¹⁹. A tal efecto se constituíu unha *Comisión depuradora* encargada de centralizar os traballos de investigación que, en teoría, traballaba dentro da máis absoluta reserva. Dela formaron parte persoas de probada lealdade Ó Movemento, aínda que tamén o fixeron outras que non tardarían en seren sometidas a investigación pola súa pasada militancia, caso do avogado J. Fernández Borrajo, antes vencellado ó PG. Os escasos informes remitidos durante os meses de setembro a novembro de 1936 -un total de cincuenta e un- confirman os temores das autoridades: vinteseis deles, é dicir, o 50,98% versan sobre solicitudes formuladas por individuos que se caracterizaran por ter un compromiso político anterior coa República. Destes os de filiación republicana representaban o 42,31%, seguidos dos socialistas e dos considerados como "acomodaticios" cun 19,23% cadanseu, de comunistas (11,54%) e galeguistas (7,69%). Os vinte e cinco restantes inclúen ós considerados xenericamente de "boa conducta", dos que o 76% son identificados como afectos e non militantes en ningunha organización da Fronte Popular e o outro 24% xentes que adoptaron unha actitude pasiva pero son de probada solvencia moral e non se lles coñecen simpatías con elementos esquerdistas. Insistimos en que estes datos se refiren ás solicitudes formuladas durante os meses de setembro a novembro e que, por tanto, non afectan ós preto de 350 *caballeros* e mandos que integraban as tres primeiras compañías.

Estes últimos comezan a seren investigados a partir do mes de decembro, que é cando se realiza unha pescuda sobre algo menos da quinta parte de todos os efectivos, remitindo a Comisaría de Investigación e Vixilancia un total de 104 informes que representan o 10,22% do total dos realizados en todo o período; daquela é cando comezan a producirse as primeiras expulsións de elementos cun pasado pouco acorde cos postulados do novo Estado ou que tiñan amasado un comportamento público inmoral. O outro gran pico corresponde ós meses de agosto e setembro de 1937, cando se solicitan un total de 414 informes, o 40,67% de todos os emitidos. Este meirande afán inquisitorial ten unha fácil explicación: o decreto de unificación das milicias do 19 de abril non será realmente efectivo en Ourense ata o mes de xullo, que é cando se completa a fusión na denominada 2ª liña de FET y de las JONS das milicias que prestaban os seus servizos na retagarda. Daquela, coincidindo co empeño depurador dos mandos da antiga Falanxe diante da invasión de milicianos procedentes doutras organizacións coas que as relacións non sempre foran doadas, se solicitan dúzias de informes en listas de máis de sesenta individuos nos que figuran mesmo *caballeros* das primeiras fornadas.

¹⁹ O escrito leva data do día vinte e un, aínda que da comandancia de Ourense non se solicitaron os devanditos informes ata o día vintenove; nel se facía referencia ás "(...) condiciones que ha (sic) de reunir todos los Srs. que formen parte de las Milicias Ciudadanas armadas para cuyo ingreso han de tenerse en cuenta los antecedentes político-sociales, conducta -vicios-, tendencias, concepto que merece en el pueblo y si está emparentado con personas que hayan tenido actividades políticas de carácter extremista" (ACO, Exp. 102.784).

Unha interpretación global de todos estes datos permite subliñar como aspecto máis significativo o carácter de *milicia-refuxio* que as organizacións de segunda liña tiveron para numerosos comprometidos con organizacións obreiras e republicanas en postos de simple militancia e, incluso, na dirección dalgunha das organizacións políticas e sindicais pertencentes á Casa do Pobo. Entre estes últimos casos podemos citar os de José Álvarez Diéguez -vice secretario da Sociedade de Tipógrafos-UGT-, Edmundo Sarmiento Tabarés -membro da directiva do Sindicato de Traballadores do Crédito e as Finanzas-, José Varela Varela -vocal do Sindicato de Aseo do Calzado-, Carlos González Pérez -secretario da Federación Republicana-, Antonio León -vocal da Agrupación Mercantil e Bancaria, etc²⁰. En efecto, nada menos que un 22,59% dos aspirantes a *caballeros* e milicianos de segunda liña en Ourense tiveron un compromiso político anterior coa República en postos que ían da simple militancia á pertenza a algunha directiva das organizacións menos radicais. Esta cifra adquire a súa verdadeira significación se temas en conta que os responsables máis significados xa foran condenados a morte en consello de guerra ou asasinados nas gabias, se atopaban no cárcere ou conseguiran fuxir da furia represiva.

Deles os republicanos constitúen o grupo máis numeroso cun total de 90 casos, que representan o 8,84% do conxunto das solicitudes de ingreso. De seguido están os considerados como acomodaticios cun 5,80% e 59 casos e moi preto destes os socialistas (5,01% e 51 casos). A moita distancia están os individuos de filiación comunista (17 casos e 1,67%) e galeguista (11 casos e 1,08%); os afiliados á CNT representan un simbólico 0,20% (dous casos). A estes habería que engadir o único masón coñecido encartado na causa 155/1937 pola súa militancia na loxia *Constancia n.º 13*²¹, do que non temos referencia de informe algún, pero que si aparece no listado publicado polo xornal *La Región*. O feito de que a abundante documentación atopaba no domicilio do "venerable mestre" Abdón Vide Villanueva, non tardase en facerse pública co correspondente listado de afiliados, puido actuar como elemento disuasorio para que os hiramitas ourensáns non tentasen sequera solicitar a súa admisión na milicia. De todos os xeitos esta consideración non resulta de todo convincente a xulgar pala actitude de coñecidos militantes de esquerda de compromiso moito máis notorio có destes hiramitas. ¿Se cadra o prurito de negarse a figurar nas listas dos colaboradores do réxime clerical-fascista que con tanta saña perseguía todo o que soase a democracia e librepensamento? ¿Quizais o ter optado por agocharse ou, simplemente, desexando pasar por completo desapercibidos coa vana esperanza de no ser alcanzados pola furia represora? O que resulta inne-

²⁰ Moi significativo resulta, asemade, o caso dos irmáns Feijóo Fernández que durante a República repartían a súa militancia entre o PSOE e o Radio Comunista local. O producirse a sublevación o máis destacado deles, Belisario, fuxiu mentres os seus irmáns volvían a repartirse entre o Exército, a JAP, a Falanxe e os *Caballeros* -un deles, Delmiro, foi expulsado en febreiro de 1937 desta última organización. Só dous meses despois acompañaban a aquél a facer a súa presentación diante das autoridades, enfundándose seguidamente a camisa azul (AGMO, causa 239/1937, fols. 2-4 e 11).

²¹ AHN-Secc GC, Fondo Tribunal Especial de Represión de la Masonería y el Comunismo (TERMC)-1264.

gable, en todo caso, é que os masóns ourensáns non foron tan proclives como os seus *irmáns* pontevedreses e coruñeses á hora de procurar co seu ingreso nas milicias de segunda liña unha fórmula de salvación para a súas persoas e as súas facendas²².

Poderíamos considerar que estas cifras gardan, en xeral, bastante relación co nivel de militancia das diferentes organizacións na capital, pero tamén son coherentes co grao de compromiso ideolóxico de cada un dos sectores. Así republicanos procedentes do PR ou do Centro portelista podían agardar facilmente lavar o seu pasado comprometéndose activamente coas milicias, moito máis cando o propio comandante do Batallón, Antonio Casar, figurou nas candidaturas lerrouxistas a carón dalgún dos solicitantes. Non o tiñan tan doado os militantes de IR e UR, pero sempre que se figurase como simple afiliado, non se tivese destacado en manifestacións nin intervido en debates e mitins era posible argumentar que a militancia se debía a unha necesidade laboral máis ca un compromiso ideolóxico sentido. De feito este é o argumento recorrente dos considerados como acomodaticios, que inclúen a un amplo abano de individuos dos que se di que simpatizaban con tal ou cal partido republicano por agradar a un dirixente determinado, manter un posto de traballo, acadar un favor ou desempeñar un cargo concreto. Aínda que os informes policiais consideran pouco "recomendables" a estes suxeitos, de todos se sinala a súa boa ou regular conducta pública e privada e, na súa maioría, o satisfactorio cumprimento das súas obrigas relixiosas e familiares e a nula perigosidade que representaban para o réxime.

Socialistas, comunistas e cenetistas non tiñan tan doado escapar a algún tipo de sanción económica ou social -particularmente a expulsión do posto de traballo- co simple ingreso nunha das milicias. Ademais, canto máis elevado fose o seu compromiso, maiores eran as posibilidades de que os seus membros se atopasen reclamados, fuxidos ou agochados, polo que non era conveniente chamar a atención sobre a súa situación tentando á sorte cunha solicitude que implicaba a posta en marcha de toda un ha serie de organismos inquisitoriais destinados a informar sobre a súa conducta. O escaso número dos galeguistas coidamos que está en relación tanto co seu cativo nivel de militancia como coa escisión padecida nas vésperas das eleccións de febreiro de 1936: o sector "esquerdista" que formou parte da candidatura da Fronte Popular foi tan sañudamente perseguido como os restantes partidos obreiros, mentres o grupo católico-dereitista optaba por un prudente silencio ou polo nada disimulado compromiso co réxime como demostra, sen ir máis lonxe, a presenza do propio Vicente Risco no xa aludido acto de entrega da bandeira ó Batallón na súa calidade de director da Normal.

Un caso especial o representan os trinta e cinco individuos (3,44% do total) considerados como "indeseñables". Trátase dun grupo relativamente impor-

²² Sobre o papel da masonería ourensá durante a Segunda República e a persecución ós hiramitas pode verse VALÍN FERNÁNDEZ, A.J.V., *Laicismo, educación y represión en la España del siglo XX. (Ourense, 1909-1936/39)*. Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1993.

tante no que se inclúen toda unha serie de casos que teñen en común o seren persoas dunha conducta social viciada (carteiristas, malfeitores, delincuentes, proxenetas...) e que, a un tempo, carecían dun compromiso político anterior. Respecto a este conxunto cómpre matizar que o cualificativo que caracteriza ó grupo era empregado con certa frecuencia polas autoridades para referirse a determinados militantes ou simpatizantes de esquerda ou a persoas que, simplemente, non cumprían coas "obrigas" relixiosas; naturalmente este s casos non figuran neste apartado senón no anterior. Semella que neste caso a milicia é contemplada, fundamentalmente, como un mecanismo para acceder a unha serie de elementos diferenciadores -uniforme, arma...- que noutro caso lles estarían vedados e mesmo para poder subsistir os días de prestación de servizo xa que, en ocasións, se lle entregaban ós milicianos vales para a cea ou a comida²³.

Finalmente hai que referirse ó grupo dos clasificados como de "boa conducta". Dentro destes sorprende o escaso número dos militantes en partidos de dereitas durante a República: un cativo 2,36% do total e vintecatro casos computados. Coidamos que este feito está relacionado coa notoriedade pública dalgúns individuos que ingresaron nas milicias dos que os mandos militares xa non solicitaban informes. De feito contabilizamos preto dun centenar de individuos de coñecida militancia en APA -o grupo que proporciona o maior número de adheridos dentro dos afiliados de dereitas-, nas JAP -sen ir máis lonxe a totalidade da súa cúpula directiva: J. Pérez Ávila, N. Rodríguez, W. Vargas e en RE e só dunha cuarta parte deles se piden informes. A maioría, en efecto, foron despachados co lacónico "no pertencían a ningunha de las organizaciones ni partidos afectos al Frente Popular y están considerados como afectos al Movimiento", que no seu conxunto supoñen o 44,20% do total (450 casos rexistrados). Naturalmente neste segmento se atopan os que, levados polo fervor patriótico desatado pola guerra e polas súas conviccións ideolóxicas anteriores, se suman en masa ás milicias desexando facer ostensible o seu compromiso cos principios que inspiran ó novo réxime e colaborar na persecución dos disidentes.

O grupo dos clasificados como "pasivos" inclúe a aqueles individuos que nos informes aparecen baixo expresións do seguinte tenor: "al iniciarse el G.M.N. mantuvo una actitud pasiva", "está considerado como apolítico", "en política se mostró siempre indiferente", e aqueles para os que se empregan os cualificativos de "neutro" e "tibio". Cuantitativa mente o seu peso é moi elevado: o 26,72% do total (272 casos) e mesmo coidamos que se atopa infravalorado en beneficio dos considerados como "afectos", a xulgar polo feito de que listas que conteñen varias ducias de individuos son pechadas coa expresión antes

²³ Nunha nota informativa que consta no expediente persoal dun individuo que formou parte das milicias de segunda liña figura que: "(...) el tal M.F. después del servicio no devolvió el arma reglamentaria, y en días sucesivos quiso hacer uso del vale para que le sirbieran (sic) en un conocido establecimiento de esta capital, donde fue capturado por el agente afecto a esta plantilla, Sr. Vence" (ACO, Expediente s/nº correspondente ó 5 de agosto de 1937).

sinalada mentres que os informes relativos ó sector que nos ocupa son moito máis individualizados. En todo caso este é o grupo no que resulta máis difícil de interpretar a decisión de comprometerse coas milicias pola confluencia de múltiples factores que se relacionan tanto coa situación persoal ou coas expectativas individuais de cada individuo como co ambiente opresivo creado polo franquismo onde pasivos e indiferentes eran nun principio difícil mente tolerados. A fonte oral nos axuda a desvelar algunha das incógnitas plantexadas:

*"Eu estaba a gusto coa República, ou sexa, que eu votara pola República pero non tiña predilección por este ou estoutro porque non me gustaba ese ambiente... Vamos, na nosa casa viñan dous ou tres periódicos porque como tiñamos tenda e servías bebidas viña a xente a lelos e alí se falaba... Pero despois había que inscribirse [nas milicias] porque se non estabas ben visto a xente tiña medo e ata parecía que non te compraban de boa gana... Eu fun cubrir a ficha cun dos M., que eran almacenistas, que para o caso era coma min solo que máis grande... Había que cumprir o expediente, ¿non sabes?, porque eu aínda lle levei de comer a varios que estaban no Montealegre... Mandaba á rapaza pequena porque dela non sospeitaban, pero de portas para afora había que aparentar porque che era así a vida, que eu non sei se faría o servicio dúas ou tres veces, que na casa nin os fillos o sabían "*²⁴.

Non se trata só de motivacións de índole económica ou social. Tanto ou máis importante semella ser ese ambiente de medo ó que aludía o testemuño anterior, que acabou por provocar un "efecto dominó" en numerosas persoas carentes dun compromiso inicial co réxime:

*"(...) porque te vías empuxado polos outros e non ías quedar ti solo... Todo che levaba a eso... Hoxe eran os desfiles, mañá as campás que tocaban porque tomaran Bilbao ou que sei eu. E tamén era o medo, porque sempre estabas exposto a un ha denuncia, fixeses mal ou non. Se te querían sacar cincuenta pesos, que entón éranlle moitos cuartos (...), non tiñan máis que ameazarlle con porlle un ha denuncia e que xa se encargaría eles de parala se os untaba... E entonces, claro, se un vestía uniforme e tiña arma... Pois eso... A cousa xa non lles era así, xa se tiñan que medir un pouco máis... Non lle foi outra cousa "*²⁵.

²⁴ Reconstrucción textual da conversa con M.R.P., veciño de Ourense e propietario dunha pequena tenda de ultramarinos, mantida no Nadal de 1981. No informe policial a el referido figura que "no se ha significado en cuestiones políticas, estando considerado como indiferente. Su conducta moral al parecer es buena" (ACO, Expediente 102.784).

²⁵ Entrevista con J.V.F., veciño de Ourense, realizada no Nadal de 1989. No seu informe policial se sinala que "no aparece comprometido con ninguna organización de las que formaban el nefasto Frente Popular y al iniciarse el Movimiento matuvo una actitud pasiva. Su conducta moral y religiosa es buena" (ACO, Expediente 102.784).

As milicias de segunda liña non só serviron para que vellos comprometidos coa República atopasen unha táboa de salvación que os puxese a salvo das persecucións. Asemade, tamén acharon acougo nelas individuos desexosos de destacar no labor de delación dalgúns antigos esquerdistas buscando congraciarse coas autoridades ou, simplemente, liquidar vellas contas que as circunstancias lles permitían cobrar. Sirva como exemplo o caso da parroquia de Beiro (Canedo), onde se formou un numeroso grupo de milicianos que durante a República estiveran próximos a RE e a APA e que agora tomaron cumprida vinganza dos que durante a etapa da Fronte Popular lles requisaran as armas e lles impuxeran multas por ter votado ás dereitas:

"(...) botáranos unha multa e entonces despois fomos eu e outro coa arma onde o individuo que era o presidente (...) e [dixémoslle]: 'hai que nos volver os cartos que nos roubastes'. Porque chamábanos carneiros, e entonces eu e o outro fumos os dous e díxenlle: 'hai que visitar a fulano que chamounos carneiros e agora nós somos os pastores e el era o carneiro'. (...) Primeiro andaban... e despois como eramos nos os que tiñamos as armas baixaban a orella... Eran amigos todos e antes viñan a roubar..."²⁶.

A peculiar conxuntura que se viviu nos días inmediatos á sublevación na citada parroquia e na súa veciña de Castro, cuns 400 homes formando parte de xeito máis ou menos voluntario de grupos armados capitaneados polo dirixente comunista Ramón Lafuente Rodríguez, e esa persecución que acabamos de apuntar levou a outros a ingresar na milicia confiando en poder eludir as masivas detencións realizadas -máis de medio cento de homes foron inculcados nalgún dos sumarios abertos- ou, cando menos, obter un informe favorable da Garda Civil, como foi o caso de J.A.G., de quen esta di que "era socio de la Agraria pero de tendencia derechista, no se sabe actuase en ningún movemento ni se destacase en las huelgas. Si bien acompañó a la cuadrilla de Lafuente fue obligado ante la amenaza de las armas, pero era un simple expectador (sic) (...)"²⁷.

Noutros casos as insignias e o uniforme dos *Caballeros* foron utilizados para impoñer un ha verdadeira estrutura de dominación nas aldeas. V.L.V., un coñecido propietario de Vitoria (O Barco de Valdeorras) obtivo o beneplácito do comandante militar para organizar ós milicianos de segunda liña. Unha vez conseguida a autorización para que os seus membros portasen armas as repartiu entre os seus nove fillos cos que tiña absolutamente controlada a parroquia, aproveitando para saldar vellas retesías persoais e denunciando ós que se manifestaban disconformes con este proceder²⁸. Non faltaron, en fin, casos nos

²⁶ Entrevista realizada por R. Soutelo con S.G.G., de Beiro, p. 6. Vid., asemade, AGMO, causa 489/1937 instruída pola denuncia dos *caballeros* S.N.G. e J.F.D. contra os membros da directiva da Sociedade de Campesiños de Beiro.

²⁷ AGMO, causa 1.365/1936, fol. 70a.

²⁸ Con ocasión dun roubo perpetrado en outubro de 1939 nas tullas da Bandeira da Lexión destacada en O Barco acusa de estar implicado no mesmo ó seu cuñado, o comerciante G.R.F., de quen di, asemade, que mantiña relacións co líder comunista Blanco Pascual e cos restantes fuxidos. A gran maioría dos veciños da parroquia responderon avalando coas súas sinatura a conducta de G.R.F., vítima propiciatoria das intrigas de V.L.V. co que mantiña un litixio por unha herdanza da súa muller (AGMO, causa 1.020/1939; en esp. fols. 24-25).

que estes homes se enfrontaron con falanxistas en diferentes ocasións e con resultado dispar: C.F.S. recriminou a dous "camisas vellas" o feito de que estivesen a piques de atopar a un ha rapaza, sendo golpeado por un deles e salvado de ser detido gracias á intervención de varios industriais da Praza do Ferro e da rúa Luis Espada que se puxeron do seu lado²⁹. E.V.O., acudiu acudiu a poñer orde nunha disputa entre falanxistas e requetés nunha festa ameazando con detelos se persistían na súa actitude, conseguindo despois de dúas intervencións "contenerles, mandando a cada sujeto por su lado", malia que pouco despois un dos falanxistas asasinaría a outro dos implicados no altercado³⁰. Un pequeno grupo de *caballeros* do concello de Canedo trataron de poñer coto ós desmandos de certo matón falanxista da súa vecindade con certo éxito malia que as súas arbitrariedades só rematarían cando finou a mans da que ía ser un ha das súas vítimas³¹.

As milicias de segunda liña proliferaron, asemade, nas principais vilas e aldeas da provincia. No caso de Verín os *Caballeros* estaban ó mando do notario Luis Conde, eficaz colaborador dos militares nas tarefas de pacificación da zona e o principal impulsor da organización na comarca do Támega. No concello de Canedo, próximo ó da capital, constituíuse, como dixemos, outro activo núcleo -o segundo en canto a número de militantes localizados- que tamén practicaba servicios en Ourense. Outros grupos importantes os localizamos en Pereiro de Aguiar, Carballiño, O Barco, Ribadavia, Xinzo de Limia, Allariz, Bentrases, A Rúa, San Cibrao das Viñas, etc. A diferenza do caso de Ourense resulta imposible cuantificar exactamente o número dos seus integrantes ó non poder contar con listados completos. Con todo, os 380 casos atopados permiten aventurar algunhas diferencias significativas no tocante á estrutura socio profesional cos seus homónimos da capital da provincia toda vez que a composición por idades non ofrece contrastes dignos de mención como non sexa o dun maior peso dos gru-



²⁹ Como resultado destes feitos se instruíron unhas dilixencias a solicitude de A. Casar en aras "del buen nombre del Batallón así como de la disciplina que debe ser guía primordial en todas las milicias" que culminaron coa imposición dun arresto polo instructor, medida que sería confirmada por L. Soto (AGMO, dilixencias previas BE s/nº/1936).

³⁰ AGMO, causa 1.401/1936, fols. 28a, 32a e ss.

³¹ Vid. AGMO, causa 1216/1936.

que pretendía reforzar cada vez más la unidad nacional, suprimiendo medios que con la existencia de tantas organizaciones pudieran influir poderosamente en el ánimo de algunos componentes, llevando su pensamiento por derroteros equivocados³³. Despois de recoñecer os servicios prestados por esta milicia, lles pedía ós caballeros que "como un solo hombre" se integrasen na nova milicia, dando conta, asemade, dun escrito do gobernador militar, coronel honorario do batallón, en idéntico senso. Naturalmente, as milicias de segunda liña, que accidentalmente pasaban a estar baixo o mando do capitán de Infantería Eduardo Saavedra Caballé, quedaban desligadas por completo "de la parte política de la organización", condenadas a un ha posición secundaria no deseño da nava España, pero coa honra de manter viva a súa divisa de acudir onde fosen chamados "en defensa de su Dios y de su Patria".

³³ *Rumbo*, 10-VII-1937, p. 2.

